

ALVARELLOS, Henrique (2020): *A nena que abrazaba as árbores*. Santiago de Compostela: Alvarellos, 36 pp.

*A nena que abrazaba as árbores* é un álbum ilustrado cheo de sensibilidade que amosa o agarimo pola natureza e os múltiples beneficios que ofrece o contacto coa nai terra, concretamente coas árbores.

Con esta historia Henrique Alvarellos –xornalista, escritor, editor e xestor cultural– iníciase na LIX de forma excepcional. O autor inspírase en experiencias reais e próximas para elaborar esta obra. De feito, recoñece que se baseou na súa infancia, época en que gozaba coas visitas a un monte preto da súa casa (unha fraga de Lugo) e onde xogaba metido nos ocos dos carballos. Este importante vínculo levou-no a implicarse na recuperación dun bosque en Santiago de Compostela, o seu lugar de residencia actual.

A outra parte do proxecto débese á ilustradora Xulia Nieto Pereira, devota dende cativa da imaxe e o debuxo ata chegar ao mundo da ilustración. A artista empregou as acuarelas e o lapis, acompañado de ferramentas dixitais, para transmitir as sensacións que lle fornecen as paisaxes. Certo é que a forza das imaxes atravesa o papel e permítenos sentir, ulir e vivir a natureza dende as pinturas.

Este álbum para as primeiras lecturas (recomendado para unha idade de interese superior a 3 anos e nivel de lectura por riba de 5) abre boca cunha afirmación referente á vida das árbores a través da protagonista (Lucía). A nena recibe no seu terceiro aniversario de vida un agasallo realmente simbólico por parte dos seus pais: un freixo ao que, logo de abrazalo, se vincula como se formase parte da súa existencia. A relación transcorre no tempo acompañada doutras personaxes, caso dun amigo da rapaza chamado Aleixandre. Lucía e Álex, o neno cego co que comparte a fascinación polo bosque, xogan arreo na natureza mentres medran xa que o ciclo da vida non se detén.

Grazas á lectura de *A nena que abrazaba as árbores* a rapazada poderá descubrir curiosidades e calidades desta e doutras especies dos montes galegos e, aínda máis, poderá coñecer cales son aquelas árbores que, segundo a tradición popular, lles son consagradas ás fadas. Pola nosa banda, os e as docentes poderemos aproveitar as sutís propostas do autor: visitar unha fraga, deitarse enriba das follas secas no outono ou xogar con elas na auga dos regatos no verán. As ilustracións trasládannos a un universo sensorial e natural necesario no noso presente e animan os cativos e cativas a explorar os espazos naturais próximos e a valorar a natureza e toda forma de ser vivo. A transmisión destes valores á infancia do momento é a chave do futuro.

*A nena que abrazaba as árbores* supón, ademais, un atractivo encontro para o lector ou lectora coas súas vivencias persoais, por esa necesidade innata de tódalas persoas de respecto e convivencia coa contorna natural en que vivimos. Por outra parte, o abrazo a unha árbore ou a un humano contribúe a baixar a tensión e achega outros beneficios para a nosa saúde emocional como o estímulo da empatía.

Os baños forestais aos que nos convida o libro son unha terapia xaponesa denominada *shirin-yoku*, coa que se procura “absorber a atmosfera do monte”. Non parece unha casualidade que o autor elixa un freixo como árbore á que abrazar, xa que a súa madeira resulta doada de traballar e, polo tanto, as vibracións que pode transmitir nun encontro con el serán ben agradables.

Desexamos que Henrique Alvarellos volva abrir ese caixón de historias da infancia para contaxiarnos o amor pola lectura e o mundo natural.

María del Carmen Triñanes Rial  
EEI de Aios (Noalla, Sanxenxo)  
[trinanesrial@edu.xunta.gal](mailto:trinanesrial@edu.xunta.gal)